

ZOOCITIES

ANIMAIS SALVAXES NA CIDADE

Texto de JOËLLE ZASK

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Ilustración de sobrecuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 15,5 x 23 cm. 224 páx. 18 €
PREMIO PARALLÈLE EN ENSAIO 2020 (PARÍS)

Zoocities. Animais salvaxes na cidade (galego)
ISBN 978-84-19213-00-6. Lecturas expertas. Vitamina N.

Zoocities. Animales salvajes en la ciudad (castelán)
ISBN 978-84-19213-01-3. Lecturas expertas. Vitamina N.


Zoocities. Animals salvatges a la ciutat (català)
ISBN 978-84-18558-40-5. Lectures expertes. Vitamina N.

*Na primavera de 2020, os habitantes das vilas do mundo
enteiro viron como, de súpeto, aparecían animais salvaxes
baixo as súas fiestras. Parellas de parrulos, corzos e pavóns,
canguros e monos, parecían invadir o asfalto. Graváronse
innumerables vídeos con ocasión deses inesperados encontros
cuns animais que eran, ao mesmo tempo, estraños e próximos,
salvaxes e familiares. Moitos deles tornáronse virais decontado.
Virais: a palabra é ben aquelaada...*

Raposos deambulando polos xardíns de Londres, xabarís nas rúas de Berlín, leopardos en Bombai, coiotes en Nova York, canguros en Camberra... Dende hai uns anos trátase dun fenómeno sorprendente e cada vez máis habitual. Os hábitats naturais destas criaturas degradáronse e resultan hostís para elas: contaminación, urbanización do terreno e extensión dos núcleos poboacionais, alteracións polo cambio climático... Por esa razón, e ante a falta de depredadores, xunto coa facilidade para atoparen alimento e refuxio, os animais salvaxes estanse instalando e adaptando ás cidades.

A filósofa social Joëlle Zask pregúntase se, no futuro, chegarán a formar parte da vida cotiá da sociedade. As cidades non foron pensadas para convivir cos animais salvaxes; moi ao contrario, o actual estilo de vida humano é unha ameaza para a natureza. Tamén sería imposible e cruel rexeitar e exterminar toda esta fauna pola agresión irreversible que suporía á biodiversidade e ao equilibrio ecolóxico.

Esta interesante e necesaria investigación multidisciplinar sobre a natureza da cidade e mais a crise do salvaxe invita a cuestionar as nosas condicións de vida e a valorar a posibilidade dunha nova xeografía urbana que aspire a un ideal medioambiental, afastado da súa esencia antinatural. Como sería unha cidade onde as distancias e os espazos fagan posible a convivencia en harmonía entre as persoas e as feras? Nun mundo con tantas tensións ambientais, poderíase volver construír unha nova Arca de Noé?



- **Temática:** o fenómeno crecente en todo o mundo da presenza de animais salvaxes nas contornas urbanas.
- **Destinatarios:** lecturas expertas.
- **Aspectos destacables:** relación entre o ser humano e a contorna; natureza, fauna, ecoloxía, biodiversidade; urbanismo; outras obras de *Vitamina N*: «[A Torre](#)» de Antonio Sandoval; «[Vitamina N](#)» de Richard Louv; «[A brea de avelaíñas](#)» de Michael McCarthy; «[Corredoiira](#)» de Robert McFarlane, Stanley Donwood e Dan Richards; «[A grande orquestra animal](#)» de Bernie Krause (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/zoocities-c>

Joëlle Zask

(Jura, Francia, 1960)

Filósofa e escritora, é profesora do Departamento de Filosofía da Universidade de Provenza. Especialista en filosofía social e pragmatismo, e experta na obra do filósofo e pedagogo John Dewey, traduciu ao francés varios dos seus libros. Dedicase ao estudo das condicións das culturas democráticas divididas e contribuíu á introdución do concepto de democracia participativa no seu país. Esta materia permítille abranguer áreas de coñecemento diversas: educación, agricultura, economía, arte, políticas públicas e, por suposto, ecoloxía. É autora de varios ensaios: *La Démocratie aux champs, Quand la forêt brûle* (Premio Parallèle 2019 e Premio Petrarca 2020), *Face à une bête sauvage* ou *Écologie et démocratie*.